

CONVOCATORIA:

- 1.- Obxecto: Elección de Xuíz de Paz titular do Municipio de Begonte.
- 2.- Condições legais que deben reunir os solicitantes: Ser español, maior de idade e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas no art. 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.
- 3.- Prazo de presentación de solicitudes: 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
- 4.- Documentación que debe achegarse coa solicitude:
- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
 - Certificación médica acreditativa de non estar impedido física ou psíquicamente para a función xudicial
 - Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que se fai referencia no artigo 2 da Lei 69/1980, no referente a " si se atopa inculpado ou procesado".
 - Xustificación de méritos que alegue o solicitante.
- 5.- Lugar de presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello en días laborais e horario de oficina. (De 9.00 a 14.30 horas) ou lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Begonte, a 6 de Abril de 2021.- O Alcalde - Presidente, José Ulla Rocha.

R. 0920

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

Aprobado definitivamente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (PMPDIF) - logo da súa aprobación inicial polo Pleno con data de 19 de febreiro de 20121 e do transcurso do prazo de exposición pública establecido sen terse presentado reclamacións ou suxerencias - faise público dita aprobación e a posta á disposición para a súa consulta en formato dixital na sede electrónica do concello.

O que se comunica para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Begonte, a 31 de Marzo de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0921

GUITIRIZ*Anuncio***OFERTA EMPREGO PUBLICO COMPLEMENTARIA PARA O ANO 2021 DO CONCELLO DE GUITIRIZ**

Na Xunta de Goberno Local de data 31/03/2021 adoptouse o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Oferta de Emprego Público complementaria deste Concello para o ano 2021 que contén os seguintes postos de traballo de persoal funcionario que deberá convocarse no prazo máximo de 3 anos:

Denominación Grupo Escala Subescala	Nº Vacantes	Acceso	Sistema selección	Fundamentación
Administrativo/a C1 Administración xeral Administrativa	2	Libre	Oposición	Artigos 19 LOXE 2021, 10.4 TREBEP, e 23.2 a) Lei emprego público de Galicia

SEGUNDO.- Que se publique no taboleiro de anuncios da Corporación, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no DOG.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da publicación ante o mesmo órgano que a ditou conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a

partires do día seguinte ó da publicación de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Guitiriz, 6 de abril de 2021.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0922

Anuncio

APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DE PREZO PÚBLICO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria do 31/03/2021 a modificación do prezo público das Escolas Deportivas Municipais, así como os descontos no seguinte sentido:

“Todas as actividades que se realicen dentro das Escolas Deportivas terán un prezo de 12€ o mes por alumno/a, emitíndose os recibos mensualmente.

Establecese unha matrícula por actividade deportiva e alumno/a de 10€, que se pagará no momento da inscrición na actividade. Todo alumno/a que non se dea de baixa na actividade que se matriculou, no último recibo aboaráselle o 50% da matrícula, premiando a súa fidelidade.

Para darse de baixa nunha actividade, hai que facelo antes de rematar o mes anterior ó que non se quere asistir a actividade, presentando solicitude de baixa no Concello para que non se emita o seguinte recibo, de non ser así pasarase o recibo ao cobro.

Descontos:

- 20% aos membros de familias numerosas.
- 20% aos alumnos que estean matriculados en dúas ou máis actividades das escolas deportivas.
- 50% por razóns sociais e benéficas para aquelas unidades de convivencia con renta per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM no ano en curso.
- 100% por razóns sociais e benéficas para aquelas unidades de convivencia que carezan de ingresos, revisable por cada período de devengo.”

De conformidade coa delegación feita polo pleno en sesión 25/11/2004.

De conformidade coa STS de data 14/04/2000 procédese á publicación deste acordo que entrará en vigor o día da súa publicación no BOP de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa publicación ou derogación expresa.

Guitiriz , 5 de abril de 2021.- A Alcaldesa, Maria Sol Morandeira Morandeira.

R. 0923

O INCIO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 29/01/2021 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

De conformidade co establecido no art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril e arts. 2.1.b, 15 a 19, 59.2 e 100 a 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establécese o Imposto sobre construcións, instalacións e obras no Municipio do Incio.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible deste tributo indirecto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación e obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, téñase obtido ou non a dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda ao Concello do Incio.